

## INSTITUTO GALEGO DE CONSUMO

*Resolución do 30 de decembro de 2008 pola que se convoca e regula a concesión de subvencións para o ano 2009 en materia de consumo ás organizacións de consumidores da Comunidade Autónoma de Galicia.*

### Preámbulo.

O artigo 51 da Constitución española determina como obxectivo da actuación dos poderes públicos o fomento e fortalecemento das organizacións representativas dos consumidores e usuarios, para a representación e defensa dos seus intereses.

O Estatuto de autonomía de Galicia, no seu artigo 30, número 1 parágrafo cuarto, outórgalle á Comunidade galega competencias exclusivas en materia de consumo.

O artigo 24 do título III do Estatuto galego do consumidor e usuario (Lei 12/1984, do 28 de decembro), establece que a Comunidade Autónoma promoverá, fomentará e, se é o caso, habilitará ou apoiará a creación de oficinas e servizos de información ao consumidor e usuario, xa sexan de titularidade pública, xa dependan dunha organización ou asociación de consumidores. Tamén establece no artigo 26, que os poderes públicos promoveran a educación e a formación permanente dos consumidores ou usuarios, coa finalidade de que poidan acadar e desenvolver un comportamento en liberdade e responsabilidade, no mercado de bens e servizos, e cheguen a coñecer os seus dereitos e deberes e a maneira axeitada de exercelos.

Para dar cumprimento a todos estes preceptos legais, resulta determinante contar con organizacións de consumidores e usuarios suficientemente dotadas, profesionais e fortes, como canle en que se desenvolva de forma eficaz non só o labor formativo e informativo aos consumidores, senón tamén a súa participación na toma de decisións e na defensa dos consumidores e usuarios.

Neste sentido, contribuír a garantir a súa continuidade, favorecendo a súa consolidación e capacidade técnica, mediante a creación e o funcionamento de gabinetes técnicos e xurídicos que sirvan de base real de actuación no labor de defensa dos consumidores que teñen encomendada; cooperar ao mantemento das súas sedes; así como á realización de actividades tendentes á protección e ao asesoramento do consumidor; xunto co apoio necesario para que os seus medios materiais sexan acordes ás necesidades de actuación, así como o impulso da súa mutua cooperación, seguen a ser os obxectivos que se pretenden acadar mediante a concesión de subvencións ás organizacións de consumidores e usuarios de Galicia.

Por outra banda, as políticas desenvolvidas polas institucións comunitarias e a súa transposición no

dereito transnacional veñen conceptuando a política de defensa das persoas consumidoras como un elemento esencial da mellora do nivel de vida da cidadanía europea. Partindo de que a formación dos consumidores é determinante para a súa protección, senta as bases dunha formación permanente en que é preciso contar coa colaboración das organizacións de consumidores, que deberán, pola súa vez, prepararse cada día máis para cumprir con este importante papel de capacitación da cidadanía para que participe activamente no mercado.

As organizacións de consumidores teñen que lle prestar servizos de calidade ao cidadán que os demanda e incrementar a eficacia da súa actuación pública e representativa, o que require un sistema de financiamento suficiente para a actividade que realicen a través de programas concretos de actuación. Por outra banda, preténdese apoiar a creación de novas organizacións de consumidores e usuarios por entender que se trata dunha das canles máis axeitadas para a protección e defensa dos consumidores.

Esta resolución ten por obxecto convocar axudas dirixidas ás organizacións de consumidores para o mantemento e funcionamento das súas oficinas de información ao consumidor e a realización de proxectos encamiñados á defensa dos consumidores e usuarios para o ano 2009, así como establecer as bases aplicables a esta liña de subvención de acordo co establecido na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no resto da normativa que nesta materia lle sexa de aplicación.

Por todo o anterior,

### DISPOÑO:

Artigo 1º.-*Convocatoria e bases reguladoras.*

1. Esta resolución ten por obxecto aprobar as bases, que se inclúen como anexo I, polas que se rexerá a concesión de subvencións do Instituto Galego de Consumo (en adiante IGC) ás organizacións de consumidores e usuarios da Comunidade Autónoma de Galicia para o desenvolvemento da súa actividade de defensa e protección dos dereitos dos consumidores e usuarios durante o ano 2009. A subvención recollerá os gastos orixinados desde o 1 de xaneiro do ano 2009 ou desde a data en que a nova organización de consumidores sexa inscrita na Sección Xeral do Rexistro de Organizacións de Consumidores.

2. Así mesmo, por medio desta resolución convócanse as devanditas subvencións para o ano 2009.

Artigo 2º.-*Solicitudes.*

Para poder ser beneficiario das subvencións deberá presentarse unha solicitude axustada ao modelo normalizado que se inclúe como anexo II desta resolución, que irá acompañada dos docu-

mentos que se especifican no artigo 5 das bases reguladoras.

Artigo 3º.-*Lugar e prazo de presentación das solicitudes.*

1. As solicitudes para as subvencións previstas nesta resolución dirixiranse ao presidente do Instituto Galego de Consumo, e poden presentarse nos servizos provinciais ou centrais do Instituto Galego de Consumo, sendo en todo caso de aplicación o disposto no artigo 38 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, na súa actual redacción. Inclúense os rexistros dos concellos que teñan subscrito convenio de colaboración para a implantación dun sistema intercomunicado de rexistro coa Administración da Comunidade Autónoma de Galicia.

2. O prazo para a presentación das solicitudes, segundo o modelo que se insire como anexo II, será dun mes, contado a partir do día seguinte ao da publicación desta resolución no *Diario Oficial de Galicia*. O prazo entenderase que vence o día cuxo ordinal coincida co día que serviu de partida, que é o de publicación no DOG.

Artigo 4º.-*Prazo de duración do procedemento de concesión.*

Unha vez rematado o prazo para a presentación de solicitudes, estas serán tramitadas e valoradas de acordo co procedemento establecido nas bases reguladoras que non poderá ter unha duración superior a seis meses. O prazo empezará a computar a partir da publicación no *Diario Oficial de Galicia* desta resolución.

O vencemento do prazo máximo sen terse notificado a resolución, lexítima os interesados para entender desestimada por silencio administrativo a solicitude de concesión da axuda.

Artigo 5º.-*Información aos interesados.*

Sobre este procedemento administrativo, que ten o código IN107A, poderase obter información adicional no Instituto Galego de Consumo, a través dos seguintes medios:

a) Páxina web oficial do Instituto Galego de Consumo.

b) Os teléfonos 981 54 55 45 e 981 54 54 16 do Instituto Galego de Consumo.

c) O enderezo electrónico [cooperacion.igc@xunta.es](mailto:cooperacion.igc@xunta.es)

d) Presencialmente.

Así mesmo, para cuestións xerais sobre este ou outro procedemento, poderá facerse uso do teléfono de información xeral da Consellería de Innovación e Industria, que é o 981 54 43 41.

### *Disposicións derradeiras*

Primeira.-*Habilitación para o desenvolvemento.*

Facúltase a presidencia do Instituto Galego de Consumo para que dite as disposicións necesarias para a aplicación do disposto nesta resolución.

Segunda.-*Entrada en vigor.*

Esta resolución entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 30 de decembro de 2008.

Emilio Nogueira Moure  
Presidente do Instituto Galego de Consumo

### *ANEXO I*

**Bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, das subvencións para o ano 2009 en materia de consumo ás organizacións de consumidores da Comunidade Autónoma de Galicia.**

Artigo 1º.-*Obxecto.*

1. As subvencións reguladas nestas bases teñen por obxecto o fomento das organizacións de consumidores e usuarios da Comunidade Autónoma de Galicia para o desenvolvemento da súa actividade de defensa e protección dos dereitos dos consumidores e usuarios.

2. O procedemento de concesión destas subvencións tramitarase en réxime de concorrencia competitiva e quedará suxeito ao disposto na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e no resto da normativa que lle sexa aplicable en materia de subvencións.

3. En concreto, considéranse actuacións subvencionables, coas especificidades que se establecen no artigo 2º destas bases:

a) Os gastos derivados do mantemento e funcionamento de sedes.

b) A creación e funcionamento de gabinetes técnico-xurídicos.

c) A realización de programas e actividades das organizacións de consumidores e usuarios da Comunidade Autónoma de Galicia para a defensa e protección dos dereitos dos consumidores e usuarios durante o ano 2009.

Todos estes gastos teñen que ser realizados e efectivamente pagados desde o 1 de xaneiro de 2009, ou a data de alta no Rexistro de Organizacións de Consumidores e Usuarios para as asociacións de nova creación, ata a data límite de xustificación establecida no artigo 17º.

Artigo 2º.-*Actividades e conceptos susceptibles de subvención.*

As subvencións concederanse para atender aos seguintes conceptos:

1. Gastos xerados polo funcionamento das oficinas de atención ao consumidor das organizacións de consumidores.

Dentro deste concepto incluírase:

a) Alugamento, reparación e conservación do local e mobiliario da oficina.

Estes gastos só se subvencionarán cando no local se desenvolvan exclusivamente as actividades propias da organización de consumidores e usuarios, extremo que se certificará polo/a secretario/a da organización co visto e prace do/a presidente/a.

Incluídos nesta alínea serán tamén obxecto de subvención os gastos de adaptación da oficina aos requisitos de accesibilidade para discapacitados.

b) Gastos de subministración inherentes á actividade desenvolvida, como servizo de telecomunicación (teléfono, fax e internet), servizo de correos, material de oficina, electricidade, acondicionamento térmico, auga e limpeza. Non serán subvencionados os gastos de telefonía móbil nin de subscripción a publicacións que non sexan estritamente de consumo.

c) Gastos de persoal cualificado da oficina, que deberá ter contrato laboral e estar dado de alta na Seguridade Social.

2. Gastos de creación e/ou funcionamento de gabinetes técnico-xurídicos de asesoramento ás organizacións de consumidores e usuarios e de atención ao consumidor.

Terá a consideración de gasto a creación e funcionamento de gabinetes técnico-xurídicos de asesoramento á organización solicitante e de atención ao consumidor, que estean integrados polo menos por unha persoa, de carácter físico ou xurídico, que teñan carácter técnico-xurídico acreditable e reúnan os seguintes requisitos:

a) Dedicar, en exclusiva, ao asesoramento da organización e atención ao consumidor e usuario, polo menos 15 horas semanais presenciais no horario de atención ao público dentro da sede da organización.

b) Manter coa asociación solicitante unha vinculación laboral mediante contrato e estar dado de alta na Seguridade Social ou, de ser o caso, un arrendamento de servizos.

c) En todo caso o devandito gabinete non poderá contar entre os seus membros ou persoal que del dependa con ningunha persoa pertencente á Xunta Directiva da Organización beneficiaria da subvención, entendendo como tal o órgano que desempe-

ña as funcións de xestionar e representar os intereses da asociación, consonte co que se establece na Lei orgánica 1/2002, do 22 de marzo, reguladora do dereito de asociación.

d) Só serán subvencionables os gastos derivados dos servizos xurídicos prestados polo dito gabinete. Entenderase por servizos xurídicos a actividade profesional que desenvolva o gabinete tal como a súa intervención no asesoramento dos temas en que sexa consultado pola asociación ou a interposición de demandas xudiciais individuais ou colectivas ou a intervención en xuízos en que se vexan implicados os dereitos dos consumidores.

No caso de contratación de persoas físicas, será a asociación beneficiaria a que asuma todos os dereitos e deberes inherentes á súa condición de empregador respecto deste persoal, e será o Instituto Galego de Consumo alleo de todo ás referidas relacións.

3. Execución de proxectos destinados á protección e ao asesoramento aos consumidores e usuarios.

Poderán ser obxecto de subvención os gastos dos seguintes proxectos:

a) Elaboración, edición e distribución de publicacións non periódicas co fin de informar as persoas consumidoras sobre os seus dereitos e a maneira eficaz de exercelos.

Unicamente se subvencionarán aquelas publicacións que traten integra e exclusivamente sobre temas de consumo. Para a elaboración dos contidos teranse en conta aqueles temas que, pola súa actualidade ou repercusión social, sexan de especial relevancia para os consumidores.

O proxecto de edición deberá especificar os contidos da publicación, os obxectivos que se pretendan conseguir con ela, a súa extensión aproximada así como o número de exemplares e a distribución.

b) Proxectos que consistan na realización de estudos de campo dirixidos a identificar problemas dos consumidores en sectores de especial importancia ou impacto socioeconómico.

Para a avaliación destes proxectos, o Instituto Galego de Consumo poderá contar co asesoramento de expertos técnicos en metodoloxía cando así o xulgue oportuno.

c) Proxectos encamiñados a promover e fomentar o asociacionismo dos consumidores e usuarios destinados a captar novos socios.

d) A realización de proxectos formativos -incluídos os programas de formación dirixidos ás asociacións de nais e pais de alumnos (ANPAS) dos centros escolares como apoio ás actividades da rede galega de educación ao consumidor- destinados á formación e orientación dos consumidores e usua-

rios relacionadas coas seguintes materias: consumo responsable, servizos de asistencia técnica, reparación de vehículos, Lei de garantía de venda de bens de consumo, vivenda, telecomunicacións, servizos financeiros e de seguros. Así mesmo, financiarase a edición de publicacións que sirvan de apoio ás ditas actividades formativas.

En todas as manifestacións gráficas das actividades subvencionadas, calquera que sexa a súa dimensión ou formato, deberá constar a colaboración do IGC mediante a inclusión do logotipo deste organismo autónomo.

A actividade formativa será impartida por persoal con cualificación suficiente en materia de consumo, entendendo como tal os cursos cunha duración igual ou superior a 20 horas impartidos por universidades ou recoñecidos polas administracións de consumo autonómicas ou estatal ou experiencia acreditada en materia de consumo.

A duración mínima deste proxecto formativo será de 20 horas presenciais.

Poderá ir acompañada de campañas de orientación e información sobre os dereitos dos consumidores e usuarios en relación coa materia para a cal se organiza a actividade formativa, realizadas a través dos medios de comunicación (campañas en prensa, programas periódicos de radio e televisión, valados publicitarios.....) co fin de publicitar a actividade formativa, neste caso é preciso facer constar en lugar visible o patrocinio do Instituto Galego de Consumo.

O pagamento aos relatores das accións formativas farase por medio de factura con desconto do IRPF correspondente e non superará en ningún caso a cantidade de 110 €/hora. En ningún caso se financiará a entrega dun agasallo como pagamento.

e) Proxectos que consistan na realización de actividades informativas e divulgativas, a través de campañas de difusión ou doutros medios que se consideren axeitados, cuxa finalidade sexa dar a coñecer aos distintos colectivos de persoas con discapacidade física, psíquica ou sensorial, os seus dereitos como consumidores e consumidoras e a maneira axeitada de exercelos.

Especialmente daránselles a coñecer os servizos que unha asociación de consumidores pode prestar a estes colectivos en relación coa protección dos seus dereitos como consumidores.

Cómpre que todo o material que se edite en desenvolvemento deste proxecto se atope en soportes ou formatos que sexan accesibles aos colectivos a que se dirixen, así empregárase por exemplo o sistema braille para as persoas con discapacidade visual ou a lingua de signos para as persoas con discapacidade auditiva.

Financiaranse un máximo de dous proxectos por organización, a que se adscribirán as distintas actividades que se programen.

### Artigo 3º.-*Financiamento e concorrencia.*

1. O Instituto Galego de Consumo concederá axudas ás organizacións de consumidores de Galicia por un importe total de 475.800 euros, sen prexuízo de ulteriores variacións producidas como consecuencia da existencia dunha maior dispoñibilidade orzamentaria, o que poderá dar lugar á concesión de máis subvencións de acordo coa orde de prelación de solicitantes que resulte da aplicación dos criterios de valoración. Tal incremento de crédito, que poderá provir de xeracións, ampliacións ou incorporacións de crédito, será obxecto de publicación no *Diario Oficial de Galicia* sen que supoña a apertura dun novo prazo de presentación de solicitudes.

Os gastos subvencionables nos números 1 e 2 do artigo 2º destas bases terán una contía total de 262.000 euros con cargo a aplicación orzamentaria 10.80.613B.481.0 do proxecto de orzamentos do Instituto Galego de Consumo para o ano 2009; queda sometida esta resolución á condición suspensiva de existencia de crédito adecuado e suficiente no proxecto dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma aprobado polo Consello da Xunta de Galicia para o ano 2009 consonte co que se indica no artigo 1º.1 da Orde do 11 de febreiro de 1998 pola que se regula a tramitación anticipada de expedientes de gasto.

Os gastos subvencionables no número 3 do artigo 2º terán unha contía de 213.800 euros con cargo á aplicación orzamentaria 10.80.613B.781.0 do proxecto de orzamentos do Instituto Galego de Consumo para o ano 2009; queda sometida esta resolución á condición suspensiva de existencia de crédito adecuado e suficiente no proxecto dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma aprobado polo Consello da Xunta de Galicia para o ano 2009 consonte co que se indica no artigo 1.1º da Orde de 11 de febreiro de 1998 pola que se regula a tramitación anticipada de expedientes de gasto.

2. A contía das axudas concedidas, consonte cos criterios obxectivos establecidos nestas bases e coas dispoñibilidades orzamentarias existentes poderá financiar:

a) Ata un 100% dos gastos obxecto de financiamento en relación cos gastos de funcionamento das oficinas e de creación de gabinetes técnico-xurídicos.

b) Ata un 70% do custo total do investimento dos proxectos realizados.

3. O importe das axudas e subvencións reguladas nesta resolución en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras axudas e subvencións, supere o importe que



se solicitou pola organización de consumidores e usuarios.

#### Artigo 4º.-*Beneficiarios.*

1. Poderán ser beneficiarios destas axudas as organizacións de consumidores que estean legalmente constituídas e inscritas, no momento de publicarse esta resolución no *Diario Oficial de Galicia*, na Sección Xeral do Rexistro de Organizacións de Consumidores e Usuarios de Galicia a que se refire o Decreto 95/1984, do 24 de maio.

2. Non obstante, poderán solicitar estas subvencións as organizacións de consumidores e usuarios de nova creación. Neste último caso, para poderen ser beneficiarias das axudas deben reunir todos os requisitos que se esixen no punto 4 deste artigo e no resto do articulado destas bases e atopárense legalmente constituídas e inscritas, no momento de ditarse a resolución de concesión, na Sección Xeral do Rexistro de Organizacións de Consumidores e Usuarios de Galicia.

3. Non poderán ser beneficiarias destas axudas aquelas organizacións que, incumprindo manifestamente os seus deberes legais, non colaborasen ou non facilitasen a información solicitada polo Instituto Galego de Consumo. Tampouco poderán ser beneficiarias aquelas organizacións que ao serlles concedida unha axuda en anteriores convocatorias non tiveren xustificando o investimento subvencionado.

4. Para que as organizacións poidan beneficiarse destas axudas deberán cumprir, os seguintes requisitos:

a) Dispoñer, cando menos, dunha oficina cuxa finalidade primordial sexa a defensa dos consumidores e usuarios e que estea aberta ao público un mínimo de 25 horas semanais, polo menos 5 horas diarias, e que deberá cumprir coas obrigas recollidas no Decreto 185/1994.

b) Facilitarlles nas súas oficinas información a todos os consumidores que así o soliciten para o axeitado exercicio dos seus dereitos e atender e tramitar as reclamacións dos seus asociados.

c) Dispoñer, polo menos, en cada unha das oficinas abertas ao público, dunha persoa contratada con cualificación suficiente en materia de consumo para prestar o servizo de atención ao consumidor. Este requisito non será exixible no momento da presentación da solicitude de axuda para as organizacións de nova creación, segundo o disposto na base 4.2, pero deberá acreditarse no prazo de 30 días desde a notificación da concesión da axuda. Considérase cualificación suficiente en materia de consumo os cursos cunha duración igual ou superior a 20 horas impartidos por universidades ou recoñecidos polas administracións de consumo autonómicas ou estatais. Será preciso acreditar ante o Instituto Galego de Consumo esta formación coa presentación da documentación que demostre o

cumprimento deste requisito no momento da xustificación da subvención, unicamente por parte das organizacións a que se lles adxudique a axuda convocada ao abeiro desta resolución. Para a solicitude da axuda, esta acreditación pode substituírse por un certificado do/a secretario/a co visto e prace do/a presidente/a en referencia a este extremo nos termos establecidos no anexo VI.

d) Atoparse adheridas ao Sistema Arbitral de Consumo a través da Xunta Arbitral de Consumo de Galicia e ter o deber de participar nos colexios arbitrais a través dos árbitros designados por elas.

e) Ter un mínimo de 100 socios ao día do pagamento das súas cotas na data de solicitude da subvención.

f) Non estar incurso en ningunha das circunstancias previstas nos números 2 e 3 do artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

g) Estar ao día no cumprimento das obrigas tributarias estatais e autonómicas e da Seguridade Social e non ter pendente de pagamento ningunha outra débeda por ningún concepto, coa Administración pública da Comunidade Autónoma.

#### Artigo 5º.-*Solicitude e documentación.*

1. As solicitudes para participar no procedemento de concesión das subvencións presentaranse na forma e no prazo que se indica na convocatoria.

2. As solicitudes irán acompañadas da seguinte documentación:

a) Copia compulsada do CIF.

b) Certificado do/a secretario/a co visto e prace do/a presidente/a comprensivo do acordo polo cal se acolle á axuda xunto co orzamento de gastos da entidade solicitante para o ano 2009 onde figurarán os gastos susceptibles de financiamento desagregados (anexo III). Se unha organización tivese varias oficinas, presentará os gastos de funcionamento, susceptibles de financiamento, de todas as oficinas de que dispón segundo o que se indica no anexo III a esta resolución.

c) Certificado do/a secretario/a co visto e prace do/a presidente/a relativo ao número de sedes, localización e enderezo, así como o horario de atención ao consumidor (anexo IV).

d) Certificado do número de socios, entendidos como tales os que se atopan ao día de pagamento das súas cotas, e importe das cotas percibidas. Tamén se incluírá unha descrición polo miúdo do organigrama xerárquico e funcional da asociación (anexo V).

e) Certificado do/a secretario/a co visto e prace do/a presidente/a onde se faga constar, de conformidade co que se dispón no anexo VI:

-O número, natureza e dispoñibilidade dos recursos humanos e técnicos existentes, así como a súa

vinculación coa federación ou asociación indicando se esta é fixa ou temporal, tamén se debe facer constar se a xornada laboral dese persoal é a tempo completo ou parcial. A este anexo xuntarase unha copia compulsada do contrato do dito persoal a excepción das organizacións de consumidores e usuarios de nova creación que non dispoñan dese persoal no momento de solicitar a subvención.

-Relación de gabinetes técnicos e xurídicos, con indicación de compoñentes, titulación e dedicación á entidade solicitante, indicando o horario presencial de atención ao público na sede da asociación.

f) Conxunto mínimo básico de datos relativos ao ano 2008 que a organización debe presentarlle ao Instituto Galego de Consumo, segundo o modelo que consta no anexo VII. Estes datos non lles serán exixibles ás organizacións de consumidores e usuarios de nova creación. Todas as reclamacións que se presenten ao longo do ano 2009 polos consumidores ante a organización, serán rexistradas e tramitadas a través da aplicación informática que no seu momento lle sexa facilitada polo Instituto Galego de Consumo.

g) Memoria económica da entidade, na que se especificarán a totalidade dos ingresos e gastos referidos ao ano 2008 agrupados por partidas específicas en razón da súa orixe e finalidade. Estes datos non serán exixibles ás organizacións de consumidores e usuarios de nova creación.

h) Certificación do concello onde se faga constar a poboación do municipio segundo os datos que consten no último censo dispoñible.

i) Copia da carta de servizos publicada, se é o caso.

k) Certificado do/a secretario/a co visto e prace do/a presidente/a da organización referente ao conxunto de todas as solicitudes de axudas solicitadas ou concedidas, obxecto desta convocatoria, por outras administracións públicas ou entes públicos ou privados nacionais ou internacionais (anexo VIII).

l) Declaración responsable de non estar incurso nalgunha das circunstancias previstas nos apartados 2 e 3 do artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, seguindo o modelo que se insire como anexo IX.

m) Acreditar que está ao día das obrigas tributarias estatais e autonómicas e da Seguridade Social e que non ten pendente de pagamento ningunha outra débeda, por ningún concepto, coa Administración pública da comunidade autónoma, de conformidade co que se dispón no artigo 20 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

n) Para aquelas organizacións que soliciten a subvención para a realización de proxectos a que fai referencia o artigo 2º destas bases no seu punto

terceiro, deberán acompañar, ademais, unha memoria de acordo co que se establece no modelo que se recolle como anexo X.

#### Artigo 6º.-*Consentimentos e autorizacións.*

1. A presentación da solicitude implica o coñecemento e a aceptación destas bases reguladoras. De conformidade co artigo 20.3º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a presentación da solicitude de concesión da subvención comportará a autorización do solicitante para que o órgano concedente obteña de forma directa a acreditación do cumprimento das súas obrigas tributarias co Estado, coa Comunidade Autónoma e coa Seguridade Social, a través de certificados telemáticos.

Igualmente, os interesados non terán que presentar documentos que xa estivesen en poder da administración actuante sempre que fagan constar a data e o órgano ou a dependencia en que foron presentados os ditos documentos consonte co que se dispón no artigo 20 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

2. De acordo co establecido na disposición adicional primeira do Decreto 132/2006, do 27 de xullo, de creación dos rexistros de axudas, subvencións e convenios e de sancións da Xunta de Galicia, a persoa solicitante da subvención consentirá expresamente a inclusión e publicidade dos datos relevantes referidos ás axudas e subvencións recibidas, así como ás sancións impostas, no devandito rexistro, feito que terá lugar agás nos supostos legalmente establecidos.

3. De conformidade co artigo 13.4º da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e de boas prácticas na Administración pública galega, o Instituto Galego de Consumo publicará na súa páxina web oficial a relación dos beneficiarios e o importe das axudas concedidas, polo que a presentación da solicitude leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos dos beneficiarios e a súa publicación na citada páxina web, coas excepcións previstas nas leis.

#### Artigo 7º.-*Órganos competentes.*

O órgano competente para a instrución dos expedientes de axudas a que fan referencia estas bases será o Servizo de Información, Cooperación e Fomento do Instituto Galego de Consumo, correspondéndolle ao presidente do Instituto Galego de Consumo ditar a resolución da concesión.

#### Artigo 8º.-*Instrución dos procedementos.*

1. Conforme o establecido no artigo 71 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, se a solicitude de axuda non reúne os requisitos exixidos nesta lei e nesta resolución, o interesado será requirido para que nun prazo de dez días, contados a partir do día seguinte á recepción do dito requirimento, rectifique a falta ou acompañe os documentos precepti-

vos, coa indicación de que, se non o fixer, procederáse conforme o que determina o artigo 42.1º de la citada lei.

Este requirimento de emenda tamén se fará se das certificacións obtidas de conformidade co artigo 6º.1 resulta que o solicitante non se atopa ao día de pagamento das súas obrigas tributarias e sociais co Estado, coa Comunidade Autónoma e coa Seguridade Social.

2. Sen prexuízo do disposto no parágrafo anterior, poderá requirirse o solicitante para que achegue cantos datos, documentos complementarios e aclaracións resulten necesarios para a tramitación e resolución do procedemento.

3. Unha vez revisadas as solicitudes e as emendas feitas, aqueles expedientes administrativos que reúnan todos os requisitos e a documentación necesaria serán remitidos á comisión encargada da súa valoración, de acordo co establecido no artigo seguinte.

4. Os expedientes que non cumpran as exigencias contidas nestas bases ou na normativa de aplicación, ou que non conteñan a documentación necesaria, quedarán á disposición do órgano instrutor para que formule a proposta de resolución de inadmisión, na cal se indicarán as causas desta.

#### Artigo 9º.-Comisión de Valoración.

1. A Comisión de Valoración será o órgano colegiado encargado de valorar as solicitudes de acordo cos criterios obxectivos fixados nesta resolución, así como de propoñer a concesión ou denegación da subvención aos interesados.

2. A composición da Comisión de Valoración será a seguinte:

- a) A xerente do Instituto Galego de Consumo, que a preside;
- b) O/a xefe/a de Servizo de Asuntos Xerais, que actuará como secretario/a;
- c) O/a xefe/a do Servizo de Información Cooperación e Fomento, o/a xefe/a do Servizo de Protección ao Consumidor e o/a xefe/a do Servizo de Seguridade de Produtos, que actuarán como vogais.

A citada comisión quedará validamente constituída sempre que asistan a ela o seu presidente, ou persoa en que delegue, un vogal e o secretario. Os acordos serán adoptados por unanimidade.

3. Na proposta de concesión que formule a comisión figurarán de xeito individualizado os solicitantes propostos para obter a subvención, especificando a avaliación que lles corresponde segundo os criterios recollidos nesta resolución. Así mesmo, indicarase o importe da subvención para cada un deles, ata esgotar o crédito dispoñible.

4. O resto das actuacións subvencionables quedará en reserva para seren atendidas ben co crédito que quedase libre, de producirse algunha renuncia ou modificación nos proxectos inicialmente subvencionados, ou ben co incremento dos créditos orzamentarios destinados a estas subvencións. Para estes efectos poderán realizarse sucesivas propostas de resolución conforme o sinalado neste artigo.

#### Artigo 10º.-Criterios de valoración.

1. As actuacións que se presenten deberán ser técnica, económica e financeiramente viables e os criterios de avaliación que servirán de base para a determinación da preferencia na concesión da subvención serán os seguintes:

Para a concesión das axudas dos números 1 e 2 da base segunda, os criterios de valoración por orde decrecente de importancia estarán en relación a:

- a) Persoal ao servizo da organización: ata un máximo de 30 puntos.
- b) Nº de oficinas abertas ao público: ata un máximo de 10 puntos.
- c) Horario de atención ao público: ata un máximo de 10 puntos.
- d) Nº de socios da organización ao día no pagamento das súas cotas: ata un máximo de 10 puntos.
- e) Poboación do municipio en que ten a sede a organización de consumidores solicitante: ata un máximo de 10 puntos.
- f) Número de consultas e reclamacións atendidas: ata un máximo de 10 puntos.
- g) Aquelas organizacións que soliciten a subvención para financiar os gastos de creación ou funcionamento de gabinetes técnico-xurídicos e que melloren as características mínimas que esta resolución lles exige naqueles criterios que poidan ser cuantificables, que a título de exemplo poden ser o número de profesionais que atenden o gabinete ou o número de actuacións xudiciais ou de asesoramento realizadas ao longo do ano inmediatamente anterior, sumaránselles un total de 10 puntos máis.
- h) Ás organizacións que dispoñan dunha carta de servizos publicada onde se recollan os compromisos de calidade asumidos pola organización, os servizos prestados, forma e tempo así como un sistema de avaliación do cumprimento da devandita carta de servizos, sumaránselles outros 10 puntos máis.

Para a concesión das axudas do número 3 da base segunda, os criterios de valoración estarán en relación a:

- a) Adecuación dos contidos aos obxectivos propostos, innovación no deseño, extensión e número

de exemplares que se van editar da publicación sobre temas de consumo: ata un máximo de 45 puntos.

b) Calidade do estudo e ámbito territorial das actuacións que se desenvolvan no estudo de campo: ata un máximo de 45 puntos.

c) Duración do proxecto para o fomento do asociacionismo de consumo, número de persoas a que vai dirixido e incidencia social ou relevancia pública das accións propostas no seu desenvolvemento: ata un máximo de 45 puntos.

d) Número de horas dedicadas á actividade formativa: ata un máximo de 45 puntos.

e) Colectivos de persoas con discapacidade a que se dirixe o proxecto, a súa transcendencia social e adecuación das actividades desenvolvidas para conseguir os obxectivos previstos: ata 45 puntos.

Así mesmo e para a concesión das axudas previstas no número 3 da base segunda, consonte co que se dispón no artigo 20.2º letra l) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, valorarase ata un máximo de 10 puntos o compromiso de emprego da lingua galega na realización das actividades para as cales se solicita axuda. Este compromiso acreditarase mediante a presentación, debidamente asinado, do modelo que se inclúe como anexo XIV a esta resolución.

#### Artigo 11º.-*Audiencia.*

1. Instruído o procedemento, e inmediatamente antes de redactar a proposta de resolución, porase de manifesto aos interesados para que, nun prazo de dez días, poidan formular alegacións e presentar os documentos e xustificacións que consideren pertinentes.

2. Porén, poderase prescindir do trámite a que se refire o punto anterior cando non figuren no procedemento nin se vaian ter en conta na resolución outros feitos nin outras alegacións ou probas ca as aducidas polo interesado.

#### Artigo 12º.-*Resolución e notificación.*

1. Unha vez concluído o trámite de audiencia, a Comisión de Valoración formulará a proposta de resolución, que se elevará, a través do órgano instructor, ao presidente do Instituto Galego de Consumo.

2. O presidente do Instituto Galego de Consumo, á vista da proposta, ditará a correspondente resolución, que deberá estar debidamente motivada e expresará, cando menos, a actuación que se subvenciona e o seu custo, así como a subvención concedida e a súa contía, ou, de ser o caso, a causa de denegación.

En ningún caso o importe das subvencións concedidas poderá superar o custo da actividade que se

vai desenvolver polo beneficiario, ou, se for o caso, a porcentaxe máxima de investimento subvencionable legalmente establecida.

3. O prazo máximo para resolver e notificar a resolución do procedemento non poderá exceder seis meses. O prazo empezará a computar a partir da publicación no DOG desta resolución.

O vencemento do prazo máximo sen se ter notificado a resolución, lexitima os interesados para entender desestimada por silencio administrativo a solicitude de concesión da axuda.

4. Todas as resolucións serán notificadas de acordo co establecido na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Non obstante, e de conformidade co establecido no artigo 59.6º b da indicada lei, no caso das subvencións concedidas, poderase substituír a notificación individual pola publicación no *Diario Oficial de Galicia* e na páxina web do Instituto Galego de Consumo. Nesta publicación especificarase a data da convocatoria, o beneficiario, a cantidade concedida e a finalidade da subvención outorgada.

As solicitudes desestimadas notificaranse individualmente, con indicación das causas da desestimación.

#### Artigo 13º.-*Réxime de recursos.*

As resolucións expresas ou presuntas dos expedientes tramitados ao abeiro do disposto nesta resolución esgotarán a vía administrativa e contra elas caberá interpoñer:

a) Recurso potestativo de reposición ante o órgano que as ditou ou debeu ditalas no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da súa notificación, ou de tres meses contados a partir do día seguinte a aquel en que se produza o acto presunto, segundo sexa o caso.

b) Ou ben directamente recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo correspondente á circunscrición do órgano que ditou ou debeu ditar a resolución, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao da súa notificación, se é expresa ou de seis meses contados a partir do día seguinte a aquel en que se produza o acto presunto.

Todo isto sen prexuízo de que os interesados poidan exercer, se é o caso, calquera outro, que crean procedente.

#### Artigo 14º.-*Modificación da resolución.*

1. Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención e, en todo caso, a obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas por outras administracións ou entes



públicos ou privados, poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión.

2. O órgano competente para a concesión da axuda poderá acordar a modificación da resolución por instancia do beneficiario. Os requisitos que deberán cumprirse son os seguintes:

a) Que a actividade, conduta ou modificación estea comprendida dentro da finalidade das normas ou bases reguladoras.

b) Que se acredite a inexistencia de prexuízo a terceiros.

c) Que os novos elementos e circunstancias que motiven a modificación, de ter concurrido na concesión inicial, non supuxesen a denegación da axuda.

3. O acto polo que se acorde a modificación da resolución, ou se é o caso se denegue, será ditado polo órgano concedente, logo de instrución do correspondente expediente en que se dará audiencia aos interesados nos termos previstos no artigo 10º.

#### Artigo 15º.-*Aceptación e renuncia.*

1. Sen prexuízo dos recursos que procedan contra a resolución de concesión, transcorridos dez días desde a notificación ou publicación desta sen que o interesado comunicase expresamente a súa renuncia á subvención, entenderase que a acepta, e desde ese momento adquirirá a condición de beneficiario.

A renuncia á subvención poderase facer axustándose ao modelo que se xunta como anexo XV, así como por calquera outro medio que permita a súa constancia de acordo co establecido no artigo 91 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

No caso de que se comunicase a renuncia en prazo, o presidente do Instituto Galego de Consumo, ditará a correspondente resolución nos termos do artigo 42.1º da mesma lei.

#### Artigo 16º.-*Obrigas do beneficiario.*

Son obrigas do beneficiario as establecidas no artigo 11 da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia, e, en concreto, as que se relacionan a seguir:

a) Realizar a actividade nas condicións que fundamentaron a concesión da subvención.

b) Someterse ás actuacións de comprobación que efectuará o órgano concedente, así como calquera outra comprobación e control financeiro que poidan realizar os órganos de control competentes, tanto nacionais como comunitarios, e achegar canta información lles for requirida no exercicio das actuacións anteriores.

c) Comunicarlle á entidade concedente a obtención de subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien as actividades subvencionadas. Esta comunicación deberá efectuarse tan pronto como se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos.

d) Poñer á disposición do IGC calquera información ou documentación que se lle solicite, especialmente a destinada a comprobar os datos facilitados polas organizacións para a obtención de axudas.

e) Conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos incluídos os documentos electrónicos en canto poidan ser obxecto das actuacións de comprobación e control.

f) Proceder ao reintegro dos fondos percibidos nos supostos previstos no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

g) Para as subvencións indicadas na base 2ª, números 1 e 2, destinadas ao mantemento das oficinas e á creación e funcionamento de gabinetes técnico-xurídicos, as asociacións deberán exhibir no lugar de atención aos consumidores e de maneira visible un cartel informativo en que figure o patrocinio do Instituto Galego de Consumo, que facilitará este organismo ás organizacións de nova creación. Ás organizacións que xa percibiron subvención no ano 2008, facilitaráselles un adhesivo correspondente ao ano 2009 para colocar na parte do cartel reservada para este fin. O cumprimento deste requisito acreditarase cunha fotografía que será remitida ao Instituto Galego de Consumo, no prazo dun mes contado desde a recepción do modelo.

h) No caso dos proxectos incluídos no artigo 2, número 3, remitirase o programa correspondente polo menos 72 horas antes do inicio da actividade. No dito programa debe figurar de xeito destacado o patrocinio do Instituto Galego de Consumo.

Na difusión das actividades en medios de comunicación públicos ou privados deberá indicarse o patrocinio do IGC e deben enviar a este organismo unha copia no soporte elixido para a difusión.

No caso de que na programación figure o patrocinio doutros organismos ademais do IGC, deberá xustificar as condicións de participación de cada un deles.

#### Artigo 17º.-*Xustificación.*

1. Para cobrar a subvención concedida, o beneficiario deberá presentar a seguinte documentación nos lugares sinalados no artigo 3 da convocatoria, tendo de prazo límite para presentala ata o 30 de outubro de 2009:

a) Certificación do/a secretario/a da organización, co visto e prace do/a presidente/a, que indique o

total dos gastos efectuados de acordo co anexo XI a esta resolución.

b) Relación numerada e de circunstancias das facturas ou xustificantes dos gastos realizados, obxecto de subvención.

c) Facturas, recibos de alugamento e xustificantes de pagamentos emitidos a nome da organización beneficiaria e correspondentes ao ano 2009. Neles quedará reflectido de xeito expreso que o seu pagamento foi efectuado. Esta documentación será preferentemente en orixinal ou, no seu defecto, copia compulsada desta.

d) Cando unha mesma actividade comporte varios gastos, os xustificantes destes presentaranse agrupados e ordenados por cada concepto e acompañados por cada agrupación dunha relación asinada polo representante legal do beneficiario.

e) Certificación da conta bancaria en que conste o código do banco, código da sucursal, dígito de control e código da conta corrente, onde deba realizarse o pagamento, expedida pola entidade bancaria.

f) Certificación do/a secretario/a da organización, co visto e prace do/da presidente/a do conxunto de todas as solicitudes de axudas efectuadas ou concedidas, desde o momento da convocatoria, por outras administracións públicas ou entes públicos ou privados nacionais ou internacionais desde a data da concesión da axuda, de acordo co modelo que se establece como anexo VIII a esta resolución.

g) Certificado acreditativo de estar ao día nas obrigas tributarias e coa Seguridade Social e de non ter pendente o pagamento de ningunha débeda por ningún concepto coa Administración pública da Comunidade Autónoma galega nos termos establecidos no artigo 31 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

h) No caso de subvencións relacionadas co número 1 do artigo 2º desta resolución, enviarase:

-Unha fotografía do cartel a que se refire a base 16 letra g).

-A documentación acreditativa do cumprimento do requisito de formación a que fai referencia a base 4ª alínea 4 c).

i) No caso de subvencións relacionadas co número 2 do artigo 2º desta resolución (asesoramento e asistencia técnica mediante o apoio e a creación de gabinetes xurídicos para a prestación de servizos en materia de consumo) será exixible, ademais:

-Unha fotografía do cartel a que se refire a base 16 letra g).

-Copia compulsada do contrato que acredite o persoal dedicado á atención do gabinete xurídico

con expresión concreta sobre o vínculo contractual coa organización, titulación, tipo de persoal, duración do contrato e número de horas dedicadas diariamente a prestar o servizo de gabinete xurídico.

k) No caso de proxectos do número 3 do artigo 2º será preciso presentar:

-Titulación, cursos, seminarios e calquera outro documento xustificativo que acredite a formación específica en materia de consumo do persoal que realizará a actividade obxecto da subvención, de ser o caso.

-Todos os materiais producidos no desenvolvemento dos proxectos deberán remitirse ao IGC xunto coa xustificación en soporte dixital en formato PDF. No caso de haber imaxes, o formato será JPG.

-Por cada un dos proxectos realizados presentárase unha memoria final de avaliación (anexo XIII).

-Por cada un dos proxectos presentárase unha memoria económica en que deberá constar como mínimo o custo total do proxecto e a análise dos seguintes conceptos: pagamento (custo por hora de actividade) dos relatores ou persoal de execución da actividade; custo dos medios materiais (locais, equipamentos técnicos, imprenta, reprografía etc.); desprazamentos, aloxamentos e mantenza dos relatores ou persoal de execución da actividade, no caso de que os houbera; custo medio por beneficiario e custo medio por hora de formación. Subvención concedida e achega da organización así como a participación económica doutras organizacións patrocinadoras.

2. Transcorrido o prazo indicado sen o beneficiario presentar a documentación solicitada, poderase entender que renuncia á subvención. Neste caso, o presidente do Instituto Galego de Consumo ditará a oportuna resolución, nos termos do artigo 42.1º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

3. Se na xustificación dos gastos se produce unha desviación superior ao 15% e inferior ou igual ao 25% respecto ao orzamento presentado e tido en conta para a concesión da subvención, procederá mediante a correspondente resolución de modificación a unha minoración da contía da subvención concedida; de tal xeito que se aplicará á cantidade realmente gastada a mesma porcentaxe que se aplicou á cantidade orzada para o cálculo da subvención.

4. Unha desviación superior ao 25% dará lugar á perda do dereito á subvención nos termos establecidos na base 20 desta resolución, excepto no caso que se xustifique que se teñen cumprido os obxectivos para os que se concedeu a axuda económica. Neste suposto, procederá á minoración da contía da subvención na forma prevista no parágrafo anterior.

### Artigo 18º.-*Pagamento.*

1. Recibida a documentación xustificativa da subvención, os órganos competentes do Instituto Galego de Consumo, antes de proceder ao seu pagamento, poderán realizar as actuacións de comprobación oportunas para verificar o cumprimento da actividade subvencionada.

2. De acordo co establecido no artigo 16. Un do Decreto 287/2000, do 21 de novembro, polo que se desenvolve o réxime de axudas e subvencións públicas da Comunidade Autónoma de Galicia, poderán concederse anticipos no pagamento das axudas para os gastos a que se refiren os números 1 e 2 do artigo 2º destas bases, nos casos e coas condicións seguintes:

a) Para aquelas que non superen o importe de 6.010 euros, poderá acordarse un anticipo de pagamento de ata un 80% da contía outorgada, librándose o 20% restante unha vez presentada pola entidade beneficiaria a completa xustificación do cumprimento da finalidade e demais condicións para as que foi concedida a axuda.

b) Para aquelas que superen o importe de 6.010 euros, poderá concederse un anticipo no pagamento da axuda do 50% da totalidade da subvención no momento da concesión á vista do certificado do/a secretario/a da organización co visto e prace do/a presidente/a comprensivo do orzamento de gastos da entidade solicitante para o ano 2009 no que se indique a achega da organización e o 50% restante librarase unha vez presentada pola entidade beneficiaria a completa xustificación do cumprimento da finalidade e demais condicións para as que foi concedida a axuda.

De acordo co establecido no artigo 16. Dous do Decreto 287/2000, do 21 de novembro, polo que se desenvolve o réxime de axudas e subvencións públicas da Comunidade Autónoma de Galicia, poderán concederse anticipos no pagamento das axudas para os gastos a que se refire o número 3 do artigo 2º destas bases, nos casos e coas condicións seguintes:

Con carácter excepcional e por resolución motivada da consellería correspondente ou do órgano superior da entidade concedente, poderase autorizar un anticipo de ata o 50% da anualidade naqueles casos en que o investimento exixa pagamentos inmediatos.

Cando o anticipo supere o importe de 30.050,60 euros, serán exixibles as correspondentes garantías nos termos establecidos no artigo 17 do Decreto 287/2000, do 21 de novembro.

### Artigo 19º.-*Incumprimentos, reintegros e sancións.*

1. O incumprimento das obrigas contidas nestas bases reguladoras, na convocatoria ou na demais

normativa aplicable, así como das condicións que, de ser o caso, se establezan na resolución de concesión, dará lugar á obriga de devolver total ou parcialmente a subvención percibida, así como os xuros de demora correspondentes.

2. Para facer efectiva a devolución a que se refire o punto anterior tramitarase o oportuno procedemento de reintegro, que se axustará ao previsto no capítulo II do título II da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

3. Aos beneficiarios das subvencións reguladas nestas bases seralles de aplicación o réxime de infraccións e sancións previsto no título IV da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

### Artigo 20º.-*Fiscalización e control.*

1. O Instituto Galego de Consumo poderá levar a cabo as actividades de inspección que considere oportunas para controlar o cumprimento das subvencións.

2. Alén do anterior, a concesión das axudas e subvencións reguladas nesta resolución estará sometida ao exercicio da función interventora e do control financeiro por parte da Intervención Xeral da Comunidade Autónoma nos termos que establece o título III da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, ás actuacións de comprobación previstas na lexislación do Tribunal de Contas e do Consello de Contas, así como, se é o caso, ás dos servizos financeiros da Comisión Europea e do Tribunal de Contas Europeo.

### Artigo 21º.-*Publicidade.*

No prazo máximo de tres meses contados desde a data de resolución da concesión publicarase no *Diario Oficial de Galicia* a relación das subvencións concedidas con indicación da norma reguladora, beneficiario, crédito orzamentario, contía e finalidade da subvención.

Non obstante o anterior, cando os importes das subvencións concedidas, individualmente consideradas, sexan de contía inferior a 3.000 euros, non será necesaria a publicación no *Diario Oficial de Galicia*, que será substituída pola publicación das subvencións concedidas na páxina web do Instituto Galego de Consumo.

### Artigo 22º.-*Remisión normativa.*

Para todo o non previsto nestas bases terase en conta o previsto na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, no Decreto 287/2000, do 21 de novembro, polo que se desenvolve o réxime de axudas e subvencións públicas da Comunidade Autónoma de Galicia en canto non se opoña ao establecido na Lei 9/2007, do 13 de xuño, e no resto de normativa que resulte de aplicación.



**XUNTA DE GALICIA**  
**CONSELLERÍA DE INNOVACIÓN E**  
**INDUSTRIA**  
 Instituto Galego de Consumo

*ANEXO II*



PROCEDIMENTO <b>SUBVENCIÓNS PARA O ANO 2009 EN MATERIA DE CONSUMO ÁS ORGANIZACIÓNS DE CONSUMIDORES E USUARIOS DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA</b>	CÓDIGO DO PROCEDIMENTO <b>IN107A</b>	DOCUMENTO <b>SOLICITUDE</b>
--	---	--------------------------------

**DATOS DO/A SOLICITANTE**

ORGANIZACIÓN (indicar entre paréntese se se trata de unha organización de nova creación)		CIF	
[ ]		[ ]	
ENDEREZO	CONCELLO	CÓDIGO POSTAL	
[ ]	[ ]	[ ]	
POBOACIÓN	PROVINCIA	TELÉFONO	FAX
[ ]	[ ]	[ ]	[ ]

**E, na súa representación:**

APELIDOS	NOME
[ ]	[ ]
EN CALIDADE DE	
[ ]	

OBXECTO DA SOLICITUDE	EUROS
FUNCIONAMIENTO DA OFICINA	[ ]
GABINETE TÉCNICO-XURÍDICO	[ ]
PROXECTOS	[ ]
<b>IMPORTE TOTAL SOLICITADO</b>	[ ]

**DATOS BANCARIOS**

CÓDIGO DO BANCO	CÓDIGO DA SUCURSAL	DÍXITO DE CONTROL	CÓDIGO DA CONTA CORRENTE
[ ]	[ ]	[ ]	[ ]

**DOCUMENTOS QUE SE XUNTAN**

- COPIA COMPULSADA DO CIF
- ANEXO III: CERTIFICADO DO/A SECRETARIO/A DA ORGANIZACIÓN COA EXPRESIÓN DOS GASTOS DESAGREGADOS POR CADA UN DOS CONCEPTOS SOLICITADOS
- ANEXO IV: CERTIFICADO DO/A SECRETARIO/A DA ORGANIZACIÓN EN QUE SE FAGA CONSTAR O NÚMERO DE SEDES DA ORGANIZACIÓN, O HORARIO NO QUE A OFICINA DE ATENCIÓN AO CONSUMIDOR DA ORGANIZACIÓN PERMANECE ABERTA AO PÚBLICO, A LOCALIZACIÓN, ACCESIBILIDADE E OS METROS CADRADOS DO ESPAZO FÍSICO DEDICADO A ELA
- ANEXO V: CERTIFICACIÓN DO NÚMERO DE SOCIOS DA ORGANIZACIÓN E XUSTIFICANTE DE INGRESOS POR COTA DE SOCIOS
- ANEXO VI: CERTIFICACIÓN DOS DISTINTOS ASPECTOS EN RELACIÓN CO PERSOAL DE QUE DISPÓN A ORGANIZACIÓN
- ANEXO VII: CONXUNTO MÍNIMO DE DATOS QUE A ORGANIZACIÓN DEBE ACHEGAR AO IGC
- MEMORIA ECONÓMICA DA ENTIDADE REFERIDA AO ANO 2008
- CERTIFICACIÓN DO CONCELLO ONDE SE FAGA CONSTAR A POBOACIÓN DO MUNICIPIO
- COPIA DA CARTA DE SERVIZOS PUBLICADA
- ANEXO VIII: CERTIFICADO DO/A SECRETARIO/A DA ORGANIZACIÓN DO CONXUNTO DE TODAS AS SOLICITUDES DE AXUDAS REALIZADAS OU CONCEDIDAS, OBXECTO DESTA CONVOCATORIA, POR OUTRAS ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS OU ENTES PÚBLICOS OU PRIVADOS NACIONAIS OU INTERNACIONAIS
- ANEXO IX: DECLARACIÓN RESPONSABLE
- ACREDITAR QUE SE ATOPA AO DÍA DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS ESTATAIS, AUTONÓMICAS E DA SEGURIDADE SOCIAL
- ANEXO X: MEMORIA POR CADA UN DOS PROXECTOS (FINANCIÁNDOSE UN MÁXIMO DE DOUS)
- ANEXO XII: AUTORIZACIÓN PARA RECABAR OS CORRESPONDENTES CERTIFICADOS
- ANEXO XIV: COMPROMISO DE UTILIZACIÓN DO IDIOMA GALEGO

*Quen abaixo asina DECLARA QUE: presta expresamente o seu consentimento para que, de acordo co establecido nos apartados 3 e 4 do art. 13 da Lei 4/2006, de transparencia e de boas prácticas na Administración pública, e no Decreto 132/2006, polo que se regulan os rexistros públicos e axudas, subvencións, convenios e sancións, o IGC publique as subvencións concedidas ao abeiro desta resolución no DOG, na súa páxina web oficial e nos rexistros públicos referidos, con expresión da entidade beneficiaria, a contía e a súa finalidade, no xeito que determine o órgano competente.*

LEXISLACIÓN APLICABLE

*Resolución do 30 de decembro de 2008 pola que se convoca e regula a concesión de subvencións para o ano 2009 en materia de consumo ás organizacións de consumidores e usuarios da Comunidade Autónoma de Galicia.*

SINATURA DO SOLICITANTE OU PERSOA QUE O REPRESENTA

\_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_

(Para cubrir pola Administración)

RECIBIDO	NÚMERO DE EXPEDIENTE
[ ]	[ ]
REVISADO E CONFORME	DATA DE ENTRADA
[ ]	____/____/____
	DATA DE EFECTOS
	____/____/____
	DATA DE SAÍDA
	____/____/____

Presidente do Instituto Galego de Consumo



ANEXO III

**ORGANIZACIÓN** <sup>(1)</sup>

Don/Dona

secretario/a da organización citada

**CERTIFICO** que a asociación acollerse ao sistema de axudas regulado pola resolución de 2009, da Presidencia do Instituto Galego de Consumo, e ao mesmo tempo aprobou o orzamento de gastos para o ano 2008 que se relacionan a seguir:

GASTOS DE FUNCIONAMENTO E MANTENIMENTO	ORZAMENTO TOTAL	ACHEGA DA ORGANIZACIÓN	SUBVENCIÓN SOLICITADA
<b>SERVIZOS EXTERNOS</b> Alugamentos, reparación e conservación de locais..... Teléfono (non móbiles), fax e internet..... Material de oficina..... Electricidade..... Acondicionamento térmico..... Auga..... Limpeza de locais.....	[Empty box] [Empty box] [Empty box] [Empty box] [Empty box] [Empty box] [Empty box]	[Empty box] [Empty box] [Empty box] [Empty box] [Empty box] [Empty box] [Empty box]	[Empty box] [Empty box] [Empty box] [Empty box] [Empty box] [Empty box] [Empty box]
<b>GASTOS DE PERSOAL</b> Soldos/salarios..... Seguridade Social..... Gastos específicos do persoal do Gabinete Xurídico.....	[Empty box] [Empty box] [Empty box]	[Empty box] [Empty box] [Empty box]	[Empty box] [Empty box] [Empty box]
<b>DENOMINACIÓN DOS PROXECTOS</b> <sup>(2)</sup> 2º [Empty box] 1º [Empty box]	[Empty box] [Empty box]	[Empty box] [Empty box]	[Empty box] [Empty box]

de de de

Visto e Prace  
O/A Presidente/a

O/A Secretario/a

Asdo:

<sup>(1)</sup> No caso de organizacións que teñan máis dunha oficina, ou de federacións que inclúan varias asociacións de consumidores, deberá presentarse un anexo III que inclúa os gastos de funcionamento e mantemento de todas as oficinas ou asociacións. Este anexo irá acompañado da desagregación dos ditos gastos para cada unha das oficinas.

<sup>(2)</sup> De todos os proxectos presentados por cada asociación ou federación só se financiarán dous.

ANEXO IV

Don/Dona

secretario/a da organización

**CERTIFICO:**

Que a organización conta co número de sedes que se indican a seguir:

Que o os datos referentes ás oficinas de atención ao consumidor son os seguintes:

(indicar os datos que se reflicten a seguir para cada unha das oficinas no caso de asociacións que teñan máis de unha oficina ou no caso de federacións que integren no seu seo a varias asociacións)

HORARIO:

ENDEREZO:

SUPERFICIE ÚTIL (metros cadrados):

ACCESIBILIDADE PARA DISCAPACITADOS: (marcar cun X a opción que proceda)  SI  NON

NOME E APELIDOS DO RESPONSABLE DA OFICINA:

CORREO ELECTRÓNICO DE CONTACTO:

E para que así conste, para os efectos oportunos, asínoa co visto e prace do/a presidente/a.

\_\_\_\_\_, de \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_

Visto e prace  
O/A presidente/a

O/A secretario/a

Asdo:

ANEXO V

Don/Dona

secretario/a da organización

**CERTIFICO:**

Que o número de socios da organización que se atopan ao día no pagamento das súas cotas á data da sinatura ascende a , sendo a cota de cada socio de  euros. Ao longo do ano 2008 recadáronse por este concepto  euros.

Que a cota establecida para o ano 2009 será de  euros <sup>(1)</sup>.

E para que así conste, para os efectos oportunos, asínoa co visto e prace do/a presidente/a.

\_\_\_\_\_, de \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_

Visto e prace  
O/A presidente/a

O/A secretario/a

Asdo:

DEBERÁ XUNTAR A ESTE ANEXO IV A DESCRICIÓN POLO MIÚDO DO ORGANIGRAMA XERÁRQUICO E FUNCIONAL DA ORGANIZACIÓN.

<sup>(1)</sup>No caso de que teñan varias cotas de socio, deben especificar o importe e o número de socios que se acollen a cada unha delas.

ANEXO VI

Don/Dona

secretario/a da organización

**CERTIFICO:**

En relación ao persoal dedicado á atención da oficina:

Que o dito persoal ten cualificación suficiente en materia de consumo, entendendo como tal os cursos cunha duración igual ou superior 20 horas impartidos por universidades ou recoñecidos polas administracións de consumo autonómicas ou estatal.

Que a oficina da organización sita en

dispón dun nº de traballadores con cualificación suficiente en materia de consumo, nos termos indicados no parágrafo anterior, de, .

Que a xornada laboral do citado persoal é: (marcar cun X a opción que corresponda)

A TEMPO COMPLETO

A TEMPO PARCIAL

Que a vinculación laboral do citado persoal é: (marcar cun x a opción que corresponda)

TEMPORAL

FIXA

E para que así conste, para os efectos oportunos, asínoa co visto e prace do/a presidente/a.

\_\_\_\_\_, de \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_

Visto e prace  
O/A presidente/a

O/A secretario/a

Asdo:

Deberá xuntarse un anexo por cada unha das oficinas de que dispón a organización.

Acompañar a este anexo unha copia compulsada do contrato salvo as organizacións de nova creación que non dispoñan do dito persoal no momento de presentar a solicitude.

Debe xuntar a este anexo unha relación de gabinetes técnico-xurídicos con indicación de compoñentes, titulación e dedicación á entidade do solicitante, indicando o horario presencial de atención ao público na sede da asociación.

ANEXO VII

CONXUNTO MÍNIMO BÁSICO DE DATOS QUE ACHEGARÁ A ORGANIZACIÓN AO INSTITUTO GALEGO DE CONSUMO

(No caso de contar con varias oficinas debe presentarse un anexo por cada unha delas)

ORGANIZACIÓN		ANO
<input type="text"/>		<input type="text"/>
ENDEREZO (indicar o enderezo da oficina á que se refiran os datos)	RESPONSABLE DA OFICINA	
<input type="text"/>	<input type="text"/>	
CORREO ELECTRÓNICO	TELÉFONO	FAX
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>

	CONSULTAS		RECLAMACIÓNS	
	Nº	%	Nº	%
Recibidas/atendidas por carta ou fax	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
Recibidas/atendidas por teléfono	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
Atendidas presencialmente	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
Resultas pola organización empregando a mediación	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
Remitidas ao IGC	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
Remitidas a outros organismos competentes	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
<b>TOTAL</b>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>

Nº de solicitudes da intervención da Xunta Arbitral de Consumo de Galicia:

**ANÁLISE POR SECTORES DA ACTIVIDADE DA OFICINA DE INFORMACIÓN AO CONSUMIDOR**

SECTORES	CONSULTAS	RECLAMACIÓNS	SOLICITUDE DE ARBITRAXE	RESOLTAS POR MEDIACIÓN	ENVIO AO ORGANISMO COMPETENTE
Gas					
Auga					
Electricidade					
SAT electrodomésticos					
Telefonía fixa					
Telefonía móbil					
Internet					
Servizos postais					
<b>S</b> Transporte aéreo					
<b>E</b> Transporte terrestre					
<b>R</b> Transporte ferrocarril					
<b>V</b> Transporte barco					
<b>I</b> Comercio electrónico					
<b>Z</b> Venda a distancia					
<b>O</b> Banca/servizos financeiros					
<b>S</b> Axencias de viaxe					
Tinturarias					
Academias de ensino					
Seguros					
Reparacións automóviles					
Alugamento automóviles					
Gasolineiras					
Servizos a domicilio					
Servizos profesionais					
Servizos de intermediación inmobiliaria					
Alugamento de vivenda					
Outros					
<b>TOTAL SERVIZOS</b>					
Alimentación					
<b>P</b> Roupa					
<b>R</b> Calzado e complementos					
<b>O</b> Compra electrodomésticos					
<b>D</b> Compravenda vivenda					
<b>U</b> Compravenda de automóviles					
<b>T</b> Produtos informáticos					
<b>O</b> Teléfonos móbiles					
<b>S</b> Mobles					
Xoias					
Xoguetes e artigos infantís					
Animais					
Material eléctrico					
Outros					
<b>TOTAL PRODUCTOS</b>					
<b>TOTAL SERVIZOS + PRODUCTOS</b>					



## ANEXO VIII

Don/Dona

secretario/a da organización

**CERTIFICO:**

Que esta organización non solicitou doutros organismos axudas coa mesma finalidade

Que esta organización non obtivo doutros organismos ningunha axuda coa mesma finalidade

No caso de solicitar ou obter algunha axuda coa mesma finalidade doutros organismos, indíquese no seguinte cadro:

ACTIVIDADE QUE SE SUBVENCIONARÁ	ORGANISMO	ORZAMENTO	AXUDA SOLICITADA	AXUDA OBTIDA
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
<b>TOTAIS</b>		<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>

\_\_\_\_\_, de \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_

O/A secretario/a Visto e prace  
O/A presidente/a

Asdo:

## ANEXO IX

Don/Dona

presidente/a da organización

provincia de

**CERTIFICO:**

Que a organización citada non está incurso en ningunha das circunstancias previstas nos números 2º e 3º do artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

E para que así conste e produza os efectos oportunos, expido esta certificación, que visa o secretario desta organización.

\_\_\_\_\_, de \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_

Sinatura do/a presidente/a O/A secretario/a

Asdo:

ANEXO X <sup>(1)</sup>

DENOMINACIÓN DO PROXECTO: <div style="border: 1px solid black; height: 20px; width: 100%; margin-top: 5px;"></div>
OBXETIVOS QUE SE PERSEGUEN (no caso de realizar a campaña para a adhesión de empresas ao arbitraje de consumo, indicar o número de empresas que se van incluír na campaña. No caso de proxectos para fomentar o asociacionismo de consumo, o nº de persoas a que vai destinado. No caso de proxectos dirixidos a persoas con discapacidade indicar os colectivos de persoas con discapacidade aos que vai dirixido o proxecto) <div style="border: 1px solid black; height: 50px; width: 100%; margin-top: 5px;"></div>
ÁMBITO TERRITORIAL DE REALIZACIÓN DAS ACTIVIDADES: <div style="border: 1px solid black; height: 50px; width: 100%; margin-top: 5px;"></div>
CALENDARIO DE REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES: (indicando, se é o caso a duración da campaña de adhesión de empresas ao sistema arbitral de consumo, a duración do proxecto para o fomento do asociacionismo ou o nº de horas de duración da actividade formativa) <div style="border: 1px solid black; height: 50px; width: 100%; margin-top: 5px;"></div>
ENTIDADES COLABORADORAS: <div style="border: 1px solid black; height: 50px; width: 100%; margin-top: 5px;"></div>
DESCRICIÓN POLO MIÚDO DAS ACTIVIDADES QUE SE VAN REALIZAR: <div style="border: 1px solid black; height: 50px; width: 100%; margin-top: 5px;"></div>
CONTIDOS QUE SE VAN IMPARTIR E METODOLOXÍA PREVISTA: <div style="border: 1px solid black; height: 50px; width: 100%; margin-top: 5px;"></div>
RELACIÓN DOS MEDIOS MATERIAIS DESTINADOS ÁS DISTINTAS FASES DO PROXECTO, INDICANDO A DESCRICIÓN DOS SOPORTES E RECURSOS QUE SE VAN UTILIZAR PARA A REALIZACIÓN DE MATERIAIS INFORMATIVOS/FORMATIVOS: <div style="border: 1px solid black; height: 50px; width: 100%; margin-top: 5px;"></div>
RELACIÓN DOS RECURSOS HUMANOS DESTINADOS AS DISTINTAS FASES DO PROXECTO COA DESCRICIÓN DA FORMACIÓN ESPECÍFICA EN MATERIA DE CONSUMO DO PERSOAL QUE VAI REALIZAR AS ACTIVIDADES OU PROXECTOS: <div style="border: 1px solid black; height: 50px; width: 100%; margin-top: 5px;"></div>
ESTABLECEMENTO DE INDICADORES DE AVALIACIÓN QUE PERMITAN COÑECER O GRAO DE CUMPRIMENTO DOS PROXECTOS: <div style="border: 1px solid black; height: 50px; width: 100%; margin-top: 5px;"></div>
ORZAMENTO PREVISTO ANALIZANDO CADA UN DOS CONCEPTOS: <div style="border: 1px solid black; height: 50px; width: 100%; margin-top: 5px;"></div>

<sup>(1)</sup> XUNTARASE UN ANEXO X POR CADA UN DOS PROXECTOS QUE SE VAIAN REALIZAR E FINANCIARANSE UN MÁXIMO DE DOUS.

## ANEXO XI

**ORGANIZACIÓN** <sup>(1)</sup>

Don/Dona  secretario/a da organización citada

**CERTIFICO** que os gastos efectuados pola asociación durante o ano 2009 son os que aparecen a seguir:

GASTOS DE FUNCIONAMENTO E MANTENIMENTO	INVESTIMENTO TOTAL	ACHEGA DA ORGANIZACIÓN	ACHEGA DO IGC
<b>SERVIZOS EXTERNOS</b>			
Alugamentos, reparación e conservación de locais.....	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
Teléfono (non móbiles), fax e internet.....	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
Material de oficina.....	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
Electricidade.....	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
Acondicionamento térmico.....	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
Auga.....	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
Limpeza de locais.....	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
<b>GASTOS DE PERSOAL</b>			
Soldos/salarios.....	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
Seguridade Social.....	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
Gastos específicos do persoal do Gabinete Xurídico.....	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
<b>DENOMINACIÓN DOS PROXECTOS</b>			
2º <input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
1º <input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>

\_\_\_\_\_, de \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_

(Sinatura do/a secretario/a)

O/A presidente/a  
(Selo da organización)

Asdo:

<sup>(1)</sup> No caso de organizacións que teñan máis dunha oficina, ou de federacións que inclúan varias asociacións de consumidores, deberá presentarse un anexo XI que inclúa os gastos de funcionamento e mantemento de todas as oficinas ou asociacións. Este anexo irá acompañado da desagregación dos ditos gastos para cada unha das oficinas.

## ANEXO XII

**AUTORIZACIÓN PARA SOLICITAR CERTIFICADOS ACREDITATIVOS DE ESTAR AO DÍA NAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL**

Don/Dona , con DNI/NIF

actuando en representación da organización

**AUTORIZO** o Instituto Galego de Consumo para que solicite da Axencia Estatal da Administración Tributaria, da Consellería de Economía e Facenda e da Seguridade Social, a información a que se refire o artigo 10.7º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

\_\_\_\_\_, de \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_

(selo e sinatura)

*ANEXO XIII*

**MEMORIA FINAL AVALIACIÓN DOS PROXECTOS**

(PRESENTAR UNHA MEMORIA POR CADA UN DOS PROXECTOS SUBVENCIONADOS)

DENOMINACIÓN DO PROXECTO:	<input type="text"/>
OBXECTIVOS:	<input type="text"/>
DESTINATARIOS:	<input type="text"/>
Nº DE PARTICIPANTES NA ACTIVIDADE:	<input type="text"/>
DESCRIPCIÓN DOS MEDIOS TÉCNICOS E RECURSOS MATERIAIS UTILIZADOS:	<input type="text"/>
DESCRIPCIÓN DOS RECURSOS HUMANOS EMPREGADOS:	<input type="text"/>
CUSTO REAL DA ACTIVIDADE POR CONCEPTOS CON EXPRESIÓN DO CUSTO MEDIO POR BENEFICIARIO:	<input type="text"/>
AVALIACIÓN DA ACTIVIDADE SEGUNDO OS INDICADORES ESTABLECIDOS:	<input type="text"/>

ANEXAR TODOS OS MATERIAIS PRODUCIDOS NO DESENVOLVEMENTO DO PROXECTO.



## ANEXO XIV

Don/Dona	<input type="text"/>
presidente/a da organización	<input type="text"/>
provincia de	<input type="text"/>
<b>ASUMO O SEGUINTE COMPROMISO</b>	
Que a organización citada empregará a lingua galega en todas as relacións que manteña coa Administración como consecuencia deste procedemento administrativo como no desenvolvemento de calquera actividade financiada ao abeiro desta resolución.	
E para que así conste e produza os efectos oportunos, expido este compromiso, que visa o secretario desta organización.	
_____, de _____ de _____	
Sinatura do/a presidente/a	O/A secretario/a
Asdo: <input type="text"/>	

## ANEXO XV

## MODELO DE RENUNCIA

Don/Dona	<input type="text"/>
secretario/a da organización de consumidores	<input type="text"/>
provincia de	<input type="text"/>
<b>MANIFESTA:</b>	
Que o día <input type="text"/> recibiu a notificación da concesión da subvención que lle foi outorgada ao abeiro desta resolución, por una contía de <input type="text"/> euros para o funcionamento da oficina de <input type="text"/> para o desenvolvemento de proxectos.	
<b>DECLARA:</b>	
Que renuncia á subvención concedida (marcar cun X a opción que proceda)	
<input type="checkbox"/> Para funcionamento	
<input type="checkbox"/> Para proxectos	
cos efectos que establece a Lei 30/1992, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.	
_____, de _____ de _____	
O/A secretario/a	Visto e prace O/A presidente/a
Asdo: <input type="text"/>	